

O MINISTERIO RETARDA OS TRABALLOS DO PROXECTO DE LEI ESTATUTO BÁSICO DE BOMBEIROS/ AS FORESTAIS

Madrid 17/06/2022

O pasado mércores mantívose reunión telemática entre as Comunidades Autónomas, a Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación e as organizacións sindicais para seguir traballando no desenvolvemento do Proxecto de Lei Estatuto Básico das Bombeiras e os Bombeiros Forestais. Dita reunión foi coordinada pola D. X. Dna. María Jesús Rodríguez de Sancho, na cal comprobamos como a Secretaría de Estado xa non estivo presente.

A Directora Xeral expúxonos as conclusións do informe remitido da Avogacía do Estado, no que as organizacións sindicais denotamos que non se trata dun informe sobre o borrador de texto do anteproxecto de Lei de Bombeiros Forestais, senón a unhas preguntas formuladas, mesturado co anteproxecto de Lei Básica de Axentes Forestais, e o fallo de rumbo na documentación achegada por MITECO, volvemos comprobar a falta de coñecemento por parte das administracións sobre o noso colectivo, da confusión con outros textos que tamén se están traballando desde o ministerio e, novamente como non, da falta de consenso entre as comunidades autónomas. Un informe que entendemos non entra a valorar adecuadamente o noso colectivo, senón outro, e co que seguimos comprobando a falta de compromiso ante a necesidade de crear un marco regulador básico que homoxeneice á profesión.

Tras unha longa reunión, acordouse emisión á avogacía do Estado do borrador do texto, con todas as alegacións e achegas das comunidades autónomas, ás que novamente se volverán a realizar as oportunas contribucións e informes xurídicos desde a unidade de acción que conformamos as tres organizacións sindicais máis representativas do colectivo.

Tanto **UGT**, CC.OO. e CSIF, entendemos que o proceso se está demorando no tempo, polo que solicitamos reunión de urxencia coa Vicepresidenta 3ª Dna. Teresa Ribeira Rodríguez, informándoa do punto morto e a velocidade á que se están producindo devanditos traballos, e instándoa a que axilice os tempos para a consecución do compromiso por parte do goberno de coalición que se asinou o 30 de decembro do ano 2019.

Así mesmo, e ante os feitos que describimos, as organizacións sindicais procederemos mediante asembleas a dar traslado ao colectivo da falta de avance nos traballos que se alongan no tempo, debido a que fai xa máis dun ano desde que se publicase a consulta pública e inicio do proceso, e no que os avances foron escasos e lentos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico